


INSTRUCCIÓN PARA A UTILIZACIÓN DA PLATAFORMA DIXITAL E-LBE.2



E-LBE.2 é un novo **servizo que poderán ofrecer as bibliotecas escolares dos centros educativos galegos de titularidade da Consellería, integrados no PLAMBE**. Trátase dunha plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais que enriquecerá as coleccións das bibliotecas escolares cun volume inicial de **máis de 3000 títulos que estarán dispoñibles para ler en pantalla, en todo tipo de dispositivos (computador, e dispositivos móbiles), en calquera momento e lugar**, para todos os usuarios e usuarias (profesorado, alumnado e familias) que conten con carnet de usuarios das bibliotecas escolares.

Os fondos de E-LBE.2 son variados, actuais e están seleccionados atendendo aos criterios que, en xeral, seguen as bibliotecas escolares galegas. **A selección, xestión e control dos contidos, e a súa actualización coordínanse desde a asesoría de bibliotecas escolares:**

- **Coleccións con temáticas específicas:** aprendizaxe de idiomas, robótica, saúde, nutrición, apoio a materias, acceso a revistas e literatura para todos os ciclos e etapas, entre outras.
- **Catálogo intelixente:** Recomendacións de lectura a medida que vai coñecendo os gustos dos/as usuarios/as.
- **Módulo de accesibilidade** para axudar aos lectores: tipografía específica para dislexia e lectura en audio de todos os libros dispoñibles.
- **Lectura en calquera momento e lugar:** accesible 24/7 e modalidade de lectura online e offline, o que permite ler sen conexión.
- **Acceso desde 6 dispositivos** diferentes e sincronización no último punto de acceso, permitindo tamén ás familias poder disfrutar desta solución.
- **Estatísticas de lectura en tempo real.**

PAUTAS BÁSICAS


Daquela, será moi importante seguir algunhas pautas:

1. O acceso á plataforma dixital **estará vencellado directamente á biblioteca**. É responsabilidade de cada equipo escoller os usuarios (determinados niveis, grupos, clubs de lectura etc.), sexa no ámbito do alumnado, do profesorado e tamén doutras persoas da comunidade educativa (familias, persoal non docente, etc.); mais sempre dentro da dinámica de usos e de préstamo da BE. A condición de usuario pasará pola obtención do preceptivo carnet de usuario da biblioteca.

2. Cada equipo deberá deseñar unha **estratexia de dinamización** deste recurso que resulte coherente coa realidade do seu centro educativo.
3. A plataforma de préstamo dixital conta con múltiples axudas para a orientación dos usuarios e usuarias na escolla de lecturas do seu interese, mais non poden substituír á mediación e orientación do equipo docente. En particular, **nas etapas de educación infantil, educación primaria e primeiro ciclo do ensino secundario, o préstamo debe facerse dentro do horario lectivo, seguindo as prácticas habituais nas bibliotecas escolares.**

PRIMEIROS PASOS

Recoméndase que antes de acceder de xeito autenticado á plataforma se realice unha navegación completa pola mesma para familiarizarse coa aplicación e tamén para consultar a colección de títulos dispoñibles.



Desde a caixa de busca podemos realizar buscas directas por autor, título... e tamén podemos empregar os filtros rápidos desde o desplegable dispoñible na mesma caixa.

Unha vez realizada a primeira busca, aparecerán máis opcións de filtrado no lateral dereito da plataforma, onde podemos ver o número de títulos dispoñibles en cada apartado e seguir filtrando polas opcións dispoñibles: editorial, autor, materia, ano de publicación, idioma...

Unha vez localizado o título do noso interese, podemos acceder á súa ficha e dispoñer de máis información, como ano de publicación, resumo, ISBN.

Destacan nesta pantalla dous botóns:

Se prememos sobre o botón **Prestar** pedirásenos que nos autenticemos para poder así ter o título en préstamo. **Olo!** Se prememos sobre este botón unha vez que esteamos autenticados o **título xa queda asociado en préstamo a conta do usuario**, polo que convén estar moi seguro de que realmente é o título que desexamos tomar en préstamo, xa que este paso consumirá a correspondente licenza de uso que teña o título asociado.



Se prememos sobre o botón de **Vista previa** podemos acceder ás primeiras páxinas do título para poder facernos unha idea sobre a obra antes de decidirmos collela en préstamo.

Esta previsualización pode realizarse sen necesidade de estar autenticado na plataforma.

PRÉSTAMO/DEVOLUCIÓN DE TÍTULOS

A plataforma de préstamo dixital E-LBE.2 contempla **dous perfís diferentes de usuaria/o**, con diferentes posibilidades en canto ao préstamo:

- **Usuario alumno/a:** pode obter en préstamo ata 2 títulos de xeito simultáneo, dun máximo de 10 títulos no presente curso escolar.
- **Usuario docente:** pode obter en préstamo ata 2 títulos de xeito simultáneo sen límite de préstamos.

Como xa comentamos na sección anterior, para poder coller en préstamo un título e gozar así da obra completa para a súa lectura dixital, debemos previamente autenticarnos na plataforma cos datos de acceso facilitados.



Podemos autenticarnos en calquera momento premendo sobre o rótulo **IDENTIFICARSE** que aparece na parte superior dereita da plataforma, aínda que **recomendamos que a busca se realice inicialmente en modo anónimo** (sen estar autenticado) **para evitar deste xeito coller en préstamo algún título de forma involuntaria ou non desexada.**

Deste xeito, tal e como describimos no apartado anterior, unha vez localizada a obra que desexamos, vaisenos pedir que introduzamos as nosas credenciais.

Unha vez que estemos autenticados aparecerán os datos de **Nome e Apelidos** na barra de información.

Nesta situación de autenticados se prememos sobre o rótulo **Conta** podemos acceder a unha pantalla desde onde teremos acceso a diversas funcionalidades: préstamos en liña, reservas, datos do/a lector/a, historial de préstamos, as miñas listaxes, buscas e notificacións.

Para saír da sesión debemos premer sobre o botón **Saír**, situado na mesma zona.

